

II. AUTORIDADES E PERSOAL

a) CESAMENTOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 305/2009, do 28 de maio, polo que se dispón que cese Benigno Sánchez García como director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia.

De conformidade co artigo 10.2º da Lei 9/1984, do 11 de xullo, de creación da *Compañía de Radio Televisión de Galicia*, no que se dispón que o mandato do director xeral da compañía coincidirá coa lexislatura do Parlamento de Galicia na que foi nomeado, prevéndose a continuación do mandato ata a designación do novo director xeral; nomeado Alfonso Sánchez Izquierdo como director xeral da compañía, procede declarar o cesamento de Benigno Sánchez García.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de maio de dous mil nove,

DISPOÑO:

Que cese Benigno Sánchez García, como director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia, agradecéndolle os servizos prestados.

Santiago de Compostela, vinte e oito de maio de dous mil nove.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Venzuela
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

CONSELLERÍA DO MAR

Orde do 20 de maio de 2009 pola que se dispón o cesamento dos vogais e do secretario do Consello de Administración do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia (Intecmar).

A Lei 3/2004, do 7 de xuño, de creación do Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia, establece no seu artigo 7 o carácter e constitución do seu Consello de Administración e os artigos 3.1º e 4.1º do Decreto 41/2005, do 17 de febrei-

ro, do seu regulamento, que a consellería competente en razón á materia nomeará o secretario e catro dos seus vogais.

En consecuencia, en virtude das facultades que me confire o artigo 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, e o Decreto 83/2009, do 21 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo único.

-O cesamento como vogais do Consello de Administración do Intecmar de:

Antonio García Elorriaga.

José Manuel López Rodríguez.

María Fátima Linares Cuerdo.

Ángeles Montero López.

-O cesamento como secretario do Consello de Administración do Intecmar de:

Miguel Ángel López Sieiro.

Agradécenselles a todos eles/as os servizos prestados.

Santiago de Compostela, 20 de maio de 2009.

Rosa María Quintana Carballo
Conselleira do Mar

b) NOMEAMENTOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 306/2009, do 28 de maio, polo que se nomea director xeral da Compañía de Radio Televisión de Galicia a Alfonso Sánchez Izquierdo.

De conformidade co establecido no artigo 10.1º da Lei de Galicia 9/1984, do 11 de xullo, de creación da Compañía de Radio Televisión de Galicia, oído o Consello de Administración desta, dado cumprimento ao establecido no artigo 16 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega, e trala comparecencia do candidato ante a Comisión 1ª do Parlamento de Galicia, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día vinte e oito de maio de dous mil nove,